

FOCO

MARC HURTADO

Domingo 1 de outubro | 20:15

Presentación a cargo de Nicole Brenez

“Cada vez que creo unha peza musical agroma un filme no meu cerebro”

Entrevista con Marc Hurtado

Por José Sarmiento e Mónica Delgado

Como decidiches introducirte no cinema e trazalo como proxecto paralelo ao teu traballo como músico, poeta? Empecei a facer filmes no mesmo tempo cás miñas primeiras experiencias musicais, xusto antes de fundar Etant Donnés co meu irmán Éric, tiña preto de 14 anos. O cinema foi un xesto totalmente natural, meu pai agasalloume a súa cámara de 8 mm e a primeira cousa que proxectei foron as imaxes que meu pai gravou en Marrocos, de bailaríns nas rúas, en branco e negro, ou imaxes miñas de cando era neno. Proxectaba esas vellas películas sobre o meu ventre e este primeiro xesto de autofilmación empregueino en todos os meus filmes en 8 mm.

Facer música, cinema ou escribir poesía están totalmente unidos para min e, ao mesmo tempo, son movementos autónomos, nunca me gustaron as artes mesturadas, un filme, un disco, un poema, teñen que vivir por eles mesmos coas súas propias esenciais.

Nos teus traballos en 8mm e en dixital hai un interese polo traballo de son que ti mesmo realizas para cada filme. Como realizas esta tarefa, ou como nacen a imaxe e o son no teu proceso creativo? Desde o comezo fago a música das miñas películas con pezas e sons que existían previamente. Os filmes en 8mm están compostos por pequenas escenas ou secuencias duns cinco minutos cada un, postos un detrás do outro, como xustapostos, sen ningunha caste de montaxe. Este proceso, o da montaxe, dáse de modo cerebral no momento de filmar, facendo as superposicións de imaxes sobre planos que xa estaban filmados anteriormente. A veces agardaba meses para facer un plano, por exemplo, para filmar unha mesma árbore con flores e despois filmala en superposición con neve, agardaba seis meses desde a primavera até o inverno.

Cada vez que fago unha peza musical agroma un filme no meu cerebro e este ten que facerse algún día, a veces aparece

anos despois da composición musical. Nunca tiven que cortar unha peza musical feita antes do filme. Sempre se correspondeu a música exactamente coas imaxes, é como unha graza que non podo controlar. Esta maxia é máis rápida e máis forte ca min, así que me sinto tamén espectador dos meus propios filmes.

Pasemos un pouco dos procesos creativos ás persoas que te inspiran, como xorde esa atracción por un personaxe como Alan Vega, sábese que hai unha amizade musical, mais como agroma a intención de facelo parte do teu universo? Suicide e Alan Vega gústanme desde os 15 anos. Cruceime varias veces con Alan Vega nos anos 80, nos concertos de Etant Donnés. Fixemos unha primeira colaboración xuntos en 1999, con catro pistas no disco de Etant Donnés *RE-UP*, e desde ese momento tocamos xuntos en moitos concertos.

En 2009 propúxenlle a Alan Vega facer un filme sobre as súas esculturas lumínicas que se chama *The Infinite Mercy Film*, e desde este novo encontro tivemos a intención de compoñer un disco enteiro xuntos cunha xira de concertos. Ao tempo organizamos varias mostras de pintura e escultura xuntos. Tamén fixen dous vídeoclips con el e filmamos moitas cousas en Nova York para unha longa que está en preparación e onde aparece Martin Rev, de Suicide.

A arte de Alan Vega tócame moito porque é marabillosa e ten unha forma de liberdade total, algo que rara vez se ve. Alan é un creador excepcional que influíu a moitísimos artistas e ten unha visión poética e moi afiada sobre o mundo. Os nosos camiños crúzanse e cando temos ganas traballamos xuntos, é moi simple e natural, nunca tivemos plans premeditados antes de iniciar cada colaboración.

Nalgunhas escenas túas, especialmente en *Jajouka, quelque chose de bon vient vers toi* (2012) hai unha filiación coa lenda, o mito e a cultura que Pasolini plasmaba nos seus filmes, se cadra en obras como *Edipo Rey* (1967). É así? Gústanme moito os filmes de Pasolini, mais penso que a filiación con Pasolini vén da esencia dos ritos, as paisaxes, a luz, os personaxes, os traxes... Porén nunca tiven a idea de facer un filme coma os de Pasolini ou calquera caste de homenaxe. Na terra de Jajouka son as persoas e os ritos os que impuxeron a cor deste filme.

Publicado en <http://desistfilm.com/>
Tradución: Xan Gómez Viñas



BLEU

[Marc Hurtado, 1994, 32 min, 8mm
transferido a dixital]

Dans le bleu du ciel
Dans le creux de mon ventre
Dans le bleu de mon âme
Dans le creux du ciel
Je l'ai retrouvé
Enfin je l'ai retrouvé
L'amour
L'amour
L'amour
L'amour

No azul do ceo / No fondo do meu ventre
/ No azul da miña alma / No fondo do ceo
/ Atopeino / Á fin atopeino / O amor / O
amor / O amor / O amor

(M.H.)



BLANCHE

[Marc Hurtado, 1995, 32 min, 8mm
transferido a dixital]

Larme secrète
Blanche secrète
Langue secrète
L'âme secrète

Bágoa secreta / Branca secreta /
Lingua secreta / A alma secreta

(M.H.)



SATURN DRIVE DUPLEX REDUX

[Marc Hurtado, 2014, 4 min, dixital]

En Nova York con Alan Vega: «Non estou
interesado pola idea da expresión senón
máis ben pola de impresión, unha desin-
tegración do meu ser no corpo do filme,
a luz, os elementos, os homes, a natureza,
o alento. (M.H.)»

«Marc Hurtado achégase unha
proposta impresionista que
devolve o cinema a un lugar
orixinario, onde a imaxe se
empodera, cobra vigor, desde
a mesma natureza»

Mónica Delgado, DESISTFILM

FILMOGRAFÍA

*Jajouka, quelque chose
de bon vient vers toi*, 2012
Blanche, 1995 [curtametraxe]
Bleu, 1994 [curtametraxe]
Royaume, 1991 [curtametraxe]
Aurore, 1989
[curtametraxe, con Éric Hurtado]
L'autre rive, 1986
[curtametraxe, con Éric Hurtado]
Le soleil, la mer, le coeur et les étoiles,
1984 [curtametraxe, con Éric Hurtado]
Des autres terres souples
(*Pre.monde, l'âme où la vue cède*), 1982
[curtametraxe, con Éric Hurtado]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org